

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

Para cumprir co disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, publícase a resolución de adxudicación provisional do procedemento negociado sen publicidade da subministración de dúas rozadoras e unha retroescavadora para un tractor para o Concello de Monterrei e o Concello de Cualedro, adoptado por acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de agosto de 2010, co seguinte contido:

"Logo de completarse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da subministración de dúas rozadoras e unha retroescavadora para un tractor para o Concello de Monterrei e o Concello de Cualedro, con apertura de documentación administrativa xeral e proposicións económicas do 17 de agosto de 2010, examínase a proposta de adxudicación que fai a Mesa de contratación a favor de José Estévez As Ferreiras, S.L., conforme á acta redactada para o efecto.

Considerando que corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución deste expediente, conforme á delegación que fixo o Pleno do Concello, mediante acordo de data 27 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións previstas no apartado 2º da Disposición Adicional 2ª, da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, por unanimidade, ACORDA:

Primero.- Adxudicar provisionalmente a execución desta subministración á empresa José Estévez As Ferreiras, S.L., por un importe de cincuenta e catro mil setecentos corenta e seis euros con vinte céntimos (54.746,20 €), IVE e demais tributos incluídos.

Segundo.- Notificarlle este acordo aos licitadores e publicalo no perfil do contratante."

Monterrei, 26 de agosto de 2010

O alcalde,

José Luis Suárez Conde